

Requisitos de comunicación asociados ao novo período de programación de Fondos Europeos 2014-2020

Responsabilidade dos beneficiarios

Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, Anexo XII, apartado 2.2

1. En todas as medidas de información e comunicación débese recoñecer o apoio dos Fondos á operación mostrando:

a) o **emblema** da Unión e a referencia á **Unión Europea**

b) a referencia ao **Fondo** ou os Fondos que dan apoio á operación. Cando unha medida estea relacionada cunha ou varias operacións cofinanciadas por varios Fondos, a referencia poderá substituírse por Fondos EIE.

2. Durante a realización dunha operación:

a) breve descrición no seu **sitio de Internet**, no caso de que dispoña dun, da **operación**, de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus **obxectivos e resultados**, e destacando o **apoio financeiro** da Unión

b) colocando, para as operacións non contempladas nos puntos 4 e 5, polo menos un **cartel con información sobre o proxecto** (dun tamaño mínimo A3), no que mencionará a axuda financeira da Unión, nun lugar ben visible para o público, por exemplo a entrada dun edificio.

3. En operacións financiadas polo FSE e, nos casos pertinentes, en operacións financiadas polo FEDER ou o Fondo de Cohesión, o beneficiario asegurarse de que **as partes que interveñen nelas foron informadas do devandito financiamento**.

Calquera documento relacionado coa execución dunha operación que se destine ao público ou aos participantes, incluídos os certificados de asistencia ou doutro tipo, conterá unha declaración na que se informe de que o programa operativo recibiu o apoio do Fondo ou dos Fondos.

4. Durante a execución de toda operación de financiamento de obras de infraestrutura ou construción que se beneficie dunha axuda do FEDER ou do Fondo de Cohesión superior a 500.000 EUR, o beneficiario colocará un **cartel temporal** de tamaño significativo nun lugar ben visible para o público.

5. O beneficiario colocará, nun lugar ben visible para o público, un cartel ou placa permanente de tamaño significativo nun prazo de tres meses a partir da conclusión dunha operación que reúna as características seguintes:

a) a contribución pública total á operación **supera os 500 000 EUR**;

b) a operación consiste na compra dun **obxecto físico**, no financiamento dunha **infraestrutura** ou en traballos de **construción**.

O cartel ou a placa indicarán o **nome** e o **obxectivo principal** da operación. Prepararanse de acordo coas características técnicas adoptadas pola Comisión de conformidade co artigo 115, apartado 4.

Características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo

Regulamento (UE) Nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, artigo 4

1. O **emblema** da Unión deberá figurar en cor nos sitios web. En todos os demais medios de comunicación, a cor utilizarase sempre que sexa posible.
2. O emblema será sempre **claramente visible** e ocupará un **lugar destacado**. A súa posición e tamaño serán os adecuados á escala do material ou documento utilizados. En pequenos artigos de promoción non será obrigatorio facer referencia ao Fondo.
3. Cando o **emblema da Unión e a referencia á Unión e ao Fondo** correspondente se presenten nun sitio web serán **visibles ao chegar ao devandito sitio web**, na superficie de visión dun dispositivo dixital, sen que o usuario teña que despregar toda a páxina.
4. O nome «**Unión Europea**» sempre aparecerá **sen abreviar**. O tipo de letra debe ser: arial, auto, calibri, garamond, trebuchet, tahoma, verdana ou ubuntu. **Non se utilizará a cursiva, nin o subliñado nin outros efectos**. O corpo do tipo utilizado deberá ser proporcional ao tamaño do emblema e de modo que non interfira. A cor do tipo será azul reflex, negro ou branco, en función do contexto.
5. Se se exhiben **outros logotipos** ademais do emblema da Unión, este terá **como mínimo o mesmo tamaño**, medido en altura e anchura, que o maior dos demais logotipos.

Características técnicas das placas fixas e os carteis publicitarios temporais

Regulamento (UE) Nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014, artigo 5

1. O **nome** da operación, o **principal obxectivo** desta e o **emblema** da Unión, xunto cunha **referencia á Unión** e a referencia **ao Fondo ou Fondos** han de figurar no **cartel temporal** a que se refire o anexo XII, sección 2.2, punto 4, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e **ocupar polo menos o 25 %** do cartel.
2. O **nome** da operación e o **principal obxectivo** da actividade apoiada por aquela, e o **emblema** da Unión, xunto cunha **referencia á Unión** e a referencia **ao Fondo ou Fondos** que han de figurar na **placa ou cartel permanentes** a que se refire o punto 5 da sección 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, **ocupará polo menos o 25 %** da devandita placa ou cartel.

Utilización do logotipo

Entre os requisitos de **comunicación** contemplados no novo **período de programación de Fondos Europeos 2014-2020** indícase que en todas as medidas de información e comunicación débese recoñecer o apoio dos Fondos á operación mostrando:

- a) o emblema da Unión e referencia á Unión Europea
 - b) a referencia ao Fondo ou os Fondos que dan apoio á operación. Cando unha medida estea relacionada cunha ou varias operacións cofinanciadas por varios Fondos, a referencia poderá substituírse por Fondos EIE.
1. Na *Guía para beneficiarios sobre a utilización do emblema da Unión Europea* elaborada pola Comisión Europea indícase que a partir de 2012 os programas eliminarán progresivamente os seus logotipos existentes e xa non se crearán novos logotipos para futuros programas. Os nomes destes programas utilizaranse como marcas verbais, é dicir, as referencias aos mesmos efectuaranse sen marca visual ou logotipo acreditado.
 2. Por tanto, o **único logotipo válido** de cara ao novo período de programación é o formado polo **emblema** da unión e a **referencia á Unión Europea** situada debaixo do mesmo.



Aínda que, en toda comunicación relativa a fondos europeos débese **incorporar ademais unha referencia ao Fondo ou Fondos** que apoian as medidas.

3. Adicionalmente, os responsables de comunicación da Autoridade de xestión e dos distintos Organismos Intermedios tomaron a decisión de seguir empregando o lema relacionado con cada tipo de Fondo.